

## Circular nº17 2015/16

### Escola de familias 2

Prezadas familias:

En primeiro lugar, queriamos agradecer o apoio recibido na primeira sesión da “Escola de familias” que tivo lugar o pasado 18 de xaneiro. Foi sen dúbida unha agradable maneira de reflexionar conxuntamente sobre a educación dos nosos fillos/as. Quizais non se trate tanto de obter grandes respostas como de facernos aquelas preguntas sobre a formación dos máis pequenos que normalmente non nos plantexamos.

Sentímonos polo tanto, motivados para convocar esta segunda xuntanza. Nesta ocasión teremos a oportunidade de dialogar cun membro da xudicatura. Un especialista en dereito representante da fiscalía na área de Santiago. Con el poderemos afondar no tema que xa comezamos na anterior reunión, os riscos de internet, ou falar sobre aquelas cuestións educativas que, dunha ou outra maneira, están relacionadas coa xustiza. O encontro terá lugar o vindeiro luns, **22 de febreiro**, na biblioteca do centro, ás **17:00 horas**, cunha duración máxima dunha hora.

Para favorecer a asistencia de todo o que estea interesado/a, poñerase a disposición dos asistentes un servizo de coidadores/as para quedar cos nenos/as durante o tempo da xuntanza.

Queremos agradecer as propostas recibidas para posteriores encontros que serán tidas en conta no seu momento e estamos á súa disposición para todas aquelas que xurdan a partires de agora.

Moitas grazas.

Sigüeiro, 16 de febreiro de 2016

Colabora:

Francisco Ávila Sánchez  
Director do CEIP de Oroso

